



PRAIA E LAGOA DE BALDAIO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 7,5 km (circular)

Dificultade: baixa

Duración: 3 horas



O conxunto formado polas praias de Pedra do Sal, Baldaio e Razo forma un areal de máis de 5 km de lonxitude situado entre as puntas da Fonte e Razo, no Concello de Carballo.

Propoñemos nesta ocasión unha camiñada polo entorno de Baldaio onde podemos apreciar un conxunto de elementos e ecosistemas de características claramente diferenciadas pero complementarias. Un espazo no que se xuntan: a praia, case tres quilómetros de areal entre a canle de desaugue da lagoa e o rego de Oza; un sistema dunar de case 200 metros de amplitude, con varias ringleiras de dunas fixadas pola vexetación, entre as que hai algunhas partes móbiles, formando un cordón paralelo á costa; un sistema trasdunar, que drena cara a lagoa, no que se asentán árbores e arbustos propios das ribeiras fluviais e das zonas pantanosas; unha lagoa que ocupa unha superficie de máis de un millón de metros cadrados, comunicada co mar por unha canle; e unha ampla marisma, resultado da colmatación e da colonización vexetal, con substrato de areas, lama, e turba.


Unha zona incluída no LIC Costa da Morte, polos seus valores ecolóxicos e paisaxísticos. Acolle unha gran diversidade de flora, propia das dunas e as marismas, e fauna, sobre todo aves limícolas durante os pasos migratorios e na invernada. No areal cría a pílara papuda, nas dunas crían laveracas, lavandeiras... e no fondo da marisma os lavancos.

PERCORRIDO

A camiñada de 7,5 km, un máis se saímos desde o aparcamento de Arnados, permítenos coñecer e gozar dun espazo visitable en calquera época do ano, pero especialmente agradable se se pode facer un día sen moita calor nin moito vento e coa marea baixa, o que nos vai permitir camiñar pola parte da praia na que a area está máis compactada e beirar máis comodamente a lagoa. Poderíase completar cun achegamento á praia e Punta de Razo e á Pedra do Sal. Un bo lugar para contemplar unha panorámica sería achegarse ao castro de Castrillón, na estrada que vai a Razo. O concello de Carballo ten indicadas varias rutas, algunhas coinciden en parte con esta proposta.



Praia de Baldaio coa marea baixa.



Baldaio é un espazo de gran valor natural do que todos podemos gozar grazas ás persoas que loitaron por defendelo e impedir que fose estragado por unha explotación privada. No ano 1947 concedeuse a explotación do marisco a dous particulares e seis anos máis tarde pasou a máns da empresa Baldaio S.L., que se adicou á extracción de area. Miles de camiións carrexaron area para a construción mentres a administración miraba cara outro lado, ante a indignación dos veciños. O 8 de maio de 1977 organizouse unha manifestación en Carballo, apoiada por Comisións Labregas e a Asemblea Nacional-Popular Galega, para denunciar o espolio que privaba á poboación do seu medio de vida e da propia praia como espazo de lecer. Á convocatoria responderon máis de 5.000 persoas, moitas delas chegadas de distintos puntos de Galiza. A manifestación foi reprimida brutalmente pola Garda Civil e rematou en batalla campal pola tarde, no areal, no que houbo moitos feridos, algúns graves. As protestas continuaron ata que en 1978 se paralizou a extracción de áridos e a marisma volveu abrirse ao marisqueo.

Vista xeral da lagoa desde a estrada que ven de Carballo.



Canle de desaugue da lagoa.



Vista desde o castro de Castrillón.



Vista da lagoa desde o interior.





Vexetación nas dunas fixas.



Vexetación nas dunas fixas.



Laverca (*Alauda arvensis*), unha ave de campos aberto que se pode ver no contorno da lagoa.




Niño protexido de pillara papuda (*Charadrius alexandrinus*).



Orquídea (*Dactylorhiza elata*)



Herba salgada (*Limonium vulgare*), unha planta que se desenvolve en ambientes onde se mestura auga doce e salgada.



Lavandeira verdeal (*Motacilla flava iberiae*). Cría en Galiza nos veráns preto das zonas húmidas e pasa os invernos en África.